

DECRETO DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: Convocatoria urxente para a selección en réxime laboral temporal de 1 posto de condutor de camión 2022.

Vista a convocatoria urxente realizada para a selección con carácter laboral temporal de 1 condutor de camión, a xornada completa e polo prazo de 3 meses, conforme á oferta enviada o SPEG o día 08/08/2022 e publicada na web do concello e no Taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e no Taboleiro da sede electrónica de Begonte.

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 08/08/2022,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidente: D. Manuel Seijas Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. José Manuel López Díaz, Persoal do Concello de Friol

Secretario: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

Vogais:

- Titular: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte
- Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Persoal do Concello de Láncara.
- Titular: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.
- Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.
- Titular: D. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.
- Suplente: D. José Angel Balseiro Amido, Persoal do Concello de Rábade.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro xoves, día 11 de agosto de 2022 ás 9h45 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución.

Convocar asemade, en único chamamento, para ese mesmo día aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da proba práctica, no seguinte horario:

- 10.00 h. no Polígono Industrial de Begonte- Nave municipal.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.



O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

